CIG-SAÚDE DENUNCIA

IANUS 5

NON PODE DIFICULTAR O TRABALLO

CIG-Saúde vén de presentar un escrito no que traslada as dificultades de uso de IANUS 5 comunicadas polo persoal e a perda de funcionalidades respecto de IANUS 4. A nova versión é menos visual e fai máis lenta e farragosa a consulta da información.

PROBLEMAS DETECTADOS

- **Consulta dos episodios.** En IANUS 4 podían verse directamente as especialidades hospitalarias; en IANUS 5 a información aparece por orde cronolóxica ou require filtros.
- **Episodios de enfermaría.** Ao asignar un episodio, como o control TAO, desaparece e hai que volvelo crear.
- **Tarefas que remiten a IANUS 4.** A nova versión segue remitindo á anterior para facer unha receita ou buscar unha analítica.
- **Mestura de idiomas.** Os episodios aos que se vincula a nota SOIP aparecen en castelán, aínda que a interface está en galego.
- **Retirada de IANUS 4.** Existe o risco de retirar a versión anterior sen resolver antes os problemas nin garantir unha transición adecuada.

CIG-SAÚDE ESIXE

- Corrixir as incidencias comunicadas e garantir a continuidade dos episodios de enfermaría.
- Mellorar a visualización e a busca da información, recuperando a facilidade de consulta de IANUS 4.
- Garantir o uso íntegro e coherente do galego.
- Proporcionar formación práctica e apoio suficiente ao persoal.
- Manter IANUS 4 mentres siga sendo necesario e ata garantir unha transición adecuada.
- Informar a todas as persoas traballadoras da planificación da implantación definitiva e da retirada da versión anterior.

UNHA FERRAMENTA DE TRABALLO DEBE FACILITAR, NON DIFICULTAR.